

## Acta da sesión ordinaria da Comisión de Calidade da Escola Internacional de Doutoramento do 11 de maio de 2017

### Asistentes

Presidente (Director da EIDO): Antonio Pino García  
Coordinador de calidade: Marcos Arias Acuña  
Director da Area de Calidade: Xosé María Gómez Clemente  
Responsable da Sección de Posgrao: José Luis Gómez Reboiro  
Representante do alumnado: Alicia López Bruzos  
Responsables de calidade dos programas:  
Yolanda Rodríguez Castro  
Asunción Longo González

### Persoas invitadas:

José Miguel Dorribo (técnico de calidade)  
Esther Jorge Correa (Negociado poio administrativo á dirección EIDO)  
Xosé Manuel Cid Fernández (Coordinador invitado)

### Desculpán asistencia

Ana Luna Alonso (Responsable de calidade do programa)  
Paloma Morán Martínez (Responsable de calidade do programa)

En Vigo, na sala de xuntas nº I de Xerencia (Edificio de Xerencia, segundo andar), ás 11:30 horas e, previa convocatoria, reúñese á Comisión de Calidade da Escola Internacional de Doutoramento da Universidade de Vigo para tratar os seguintes asuntos.

### ORDE DO DÍA

**1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**  
Apróbase por asentimento a acta do 27 de abril.

**2. Informe do presidente**  
O director da Eido informa sobre a situación (o inicio) do proceso de seguimento dos programas de doutoramento, indica que o prazo remata o 19 de maio para cargar na aplicación da ACSUG os informes de seguimento e a documentación asociada. Informa tamén de que o prazo que tiñan os programas para enviar os informes provisionais á Eido era ata o 5 de maio para poder valoralos.

### 3. Validación dos Informes de Seguimiento dos programas de doutoramento 2017

O director da Eido informa que tras a recepción dos informes que enviaron as comisións académicas, a Área de Calidade realizou unha revisión dos títulos que chegaron a tempo, e elaborou un documento de revisión xeral que a continuación se analizará.

A data na que se recibieron os informes de seguimiento dos programas de doutoramento foi:

- Ciencias da educación e do comportamento: 5 de maio
- Metodoloxías e aplicacións en ciencias da vida: 8 de maio
- Investigación en tecnoloxías e procesos avanzados na industria: 10 de maio
- Xestión e resolución de conflitos. Menores, familia e xustiza terapéutica: 10 de maio
- Física aplicada: 10 de maio
- Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión: 11 de maio
- Creación e investigación en arte contemporánea: 11 de maio
- Tecnoloxías da información e as comunicacións: 11 de maio
- Estudos literarios: 11 de maio

O director da Área de Calidade, Xosé María Gómez Clemente, comenta o documento de revisión xeral. Este documento parte da guía de seguimento de titulacións de doutoramento da ACSUG, que é o que indica que información se debe aportar en cada apartado. En xeral, o fallo mais común e aportar comentarios non apoiados en indicadores.

O técnico de calidade, Miguel Dorribo comenta que o mais interesante agora é sacar unha foto o mais nítida posible sobre como vai o programa de doutoramento, cun enfoque mais valorativo que descriptivo. En canto ao documento de revisión xeral, o mais salientable é o seguinte:

- As accións de mellora deberían estar mais conectadas co informe e a información pública debería ter en conta os datos do portal de transparencia da Universidade de Vigo.
- Debería valorarse se a páxina Web do programa é accesible.
- Nos recursos humanos, deberíase analizar o perfil do profesorado en canto á formación, mobilidade, titulación e currículum vitae.
- Nos recursos materiais teríanse que pór en valor os recursos que aporta a Universidade de Vigo.
- Os resultados non están suficientemente analizados.

- As competencias adquiridas non están ben descritas en xeral.
- Os programas interuniversitarios teñen a dificultade engadida de obter a información das outras universidades participantes.
- As accións de mellora deben estar mais enfocadas, ser sinxelas de medir e de demostrar o seu cumprimento no vindeiro ano, sen ser demasiado ambiciosas.

O director da Área de Calidade, Xosé María Gómez Clemente, indica que non todos os títulos teñen que atender o conxunto de recomendacións, pero que se completan o que falta os informes de seguimiento poden enviarse con mais confianza. Tamén comenta que unha vez finalizado o proceso, a EIDO debería discutir os resultados cos títulos.

O director da Eido indica que esta é unha experiencia piloto que servirá para aprender cara ao vindeiro ano se os informes de valoración da ACSUG cheguan antes de que comece o proceso.

A Comisión de Calidade da EIDO dá o visto e prace a este documento xeral de revisión, e acórdase trasladar aos programas as recomendacións para mellorar o informe antes do día 16.

A Comisión de Calidade da EIDO aproba por asentimento a validación provisional dos informes de seguimiento condicionada a que se aproben nas CAPD e delega na dirección da EIDO a aprobación do documento definitivo.

#### **4. Valoración dos resultados das enquisas de satisfacción do estudiantado**

O director da Eido comenta aspectos xerais das enquisas tales como que se fixeron dende outubro para estudiantes de primeiro e de terceiro ano.

Trátase da 1<sup>a</sup> vez que se pon en marcha a enquisa de doutoramento para o estudiantado. Valórarse o funcionamento dos programas de doutoramento no curso 2015/16: hai un cuestionario para o estudiantado de 1º ano e outro para o de 3º ano.

O técnico de calidade, Miguel Dorribo, informa sobre o contenido da enquisa online e comenta que os aspectos mais salientables dos resultados para o alumnado de primeiro ano son que a participación foi do 52%, que se considera elevada e homoxénea, e que a valoración xeral foi de 3,83 sobre 5, baixando solo un programa do 3, polo que se considera positiva.

O director da Eido comenta que os puntos con valoración máis alta foron os relacionados cos recursos humanos e que o máis baixo é “Coñezo o sistema de bolsas/contratos para o alumnado de doutoramento”. Tamén comenta que a

pregunta 20 “En xeral, estou satisfeito/a co programa de doutoramento” ten un resultado moi correlacionado co xeral.

Para mellorar o resultado das enquisas a responsable calidade do programa en Enxeñaría química Asunción Longo González, suxire que se edite un manual coa información relevante cara o novo estudantado. O coordinador do programa Ciencias da educación e do comportamento, Xosé Manuel Cid Fernández, opina que a atención personalizada tamén mellora a opinión xeral do alumnado.

O técnico de calidade, Miguel Dorribo informa sobre os resultados das enquisas de terceiro ano na que a participación foi menor que a do primeiro ano, e non foi homoxénea xa que moitos programas tiveron pouca participación. A valoración xeral foi de 3,49 sobre 5, considerándose positiva.

O director da Eido comenta que os puntos con valoración máis alta foron os relacionados coa parte académica e que o máis baixo é “Coñezo o sistema de bolsas/contratos para o alumnado de doutoramento”.

## 5. Rolda aberta de intervencións

A representante do alumnado, Alicia López Bruzos, pide que se diferencie cara as análises o alumnado a tempo completo do de a tempo parcial, indicando que hai alumnos/as facendo o doutoramento a tempo completo sen ter contrato coa Universidade ou alumnos/as a tempo completo con contratos a tempo parcial.

O director da Eido resosta que hai pouco alumnado a tempo parcial nos estudos de doutoramento. En canto a súa financiación, non existe ningún impedimento para que un/unha alumno/a estude unha titulación a tempo completo sen ter un contrato ou unha bolsa. Tamén informa que a Universidade de Vigo concede 25 axudas predoutorais o que supón un 70% do orzamento de investigación da universidade.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13:30 horas, da que eu como secretario dou fe co visto e prace do presidente da Comisión.

O Secretario

Marcos Arias Acuña



Vº e Pr. O presidente

Antonio Pino García